

Información



Estudantes do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo participaron nunha xornada sobre cooperativismo na cooperativa Milhulloa

O alumnado percorreu as instalacións da cooperativa mentres o persoal da entidade lle explicaba o proceso de cultivo, de preparación, de secado e de envasado dos seus produtos.

O obxectivo desta iniciativa de “Divulgación do emprendemento de experiencias cooperativas como modelo de éxito” é dar a coñecer este modelo de negocio entre o estudantado.

[Ver máis](#)

Programa Medrando Xuntas 2019

Ponse en marcha a terceira edición do programa Medrando Xuntas, iniciativa enmarcada dentro do programa Emprega en feminino, para fomentar o talento feminino nas entidades de economía social.

O programa conta con dous itinerarios diferentes, un para mulleres con responsabilidades de goberno e dirección e outro para socias e traballadoras.

Prazo de inscrición: ata o **29/3/2019**

Inscricións: a través do formulario [directivas](#) ou [socias](#) / medrandoxuntas.emprego@xunta.gal

[Ver máis](#)

A Comisión Europea aproba a candidatura de Galicia para ser Rexión Amiga da Economía Social en Europa no 2019

O programa dará a oportunidade á comunidade galega de reunir ás partes implicadas neste eido a nivel rexional e local, debater ideas sobre os retos sociais existentes e coñecer as iniciativas, proxectos e programas de apoio da UE e intercambiar puntos de vista cun experto da propia Comisión Europea.

Nesta segunda edición participarán xunto a Galicia máis de 50 rexións de 16 países.

[Ver máis](#)



Actividades

TITORAS XERENCIAIS

en Cooperativas e empresas da ES



Obradoiro de formación de titoras xerenciais en empresas de economía social

Os obxectivos do obradoiro son dar a coñecer as características básicas do modelo cooperativo e doutros de economía social, sentar as bases dunha axeitada función xerencial en cooperativas e empresas de economía social e achegar os recursos e as ferramentas a dispor para a súa mellora e xestión.

Datas: 12/03/2019 – 15/03/2019

Horario: 09:30-14:30h.

Lugar: Rúa Dublín, 3, Baixos, Fontiñas, Santiago de Compostela (Aula Cegasal)

Inscripcións: 986866149 / roberto@espazo.coop

[Ver máis](#)

Obradoiro: Formación cooperativa para persoas que queren emprender

Esta actividade formativa ten como obxectivos presentar a cooperativa como unha opción laboral de autoemprego, descubrir as características das empresas cooperativas e coñecer un caso real dunha cooperativa en funcionamento.

Datas: 21, 22 e 27/03/2019

Horario: 08:00-15:00 h.

Lugar: Avenida de Peinador, 39, Tameiga, Mos (Obradoiro de emprego de Mos)

Inscripcións: 986886149 / teresa@espazo.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal



XUNTA DE GALICIA